

Desexámosvos...

un bo

LIBRO

e

unhas lectoras
vacacións.



Nadal 2011

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



PENSANDO
"NESA"
CARTA ...

...que tod@s pensades
escribir ...



... a canta xente máxica esté disposta a manter a vosa ilusión, porque nestas datas sempre vos da pola vena epistolar... pois de novo suxerencias para pedichonear:

MAMASES, PAPASES, AVOAS, AVÓS, PROF@S e demais adult@s:

- **Ninguén-Fran Alonso-Xerais:** As relacións veciñais nas localidades urbanas, o silencio, o ruído, a omnipresente tecnoloxía que invade o existir cotiá...



E hoax que tod@s recoñeceremos intercalados nos relatos que configuran este libro que agocha sentimentos, esperanzas e frustracións en igual medida. Nalgunha páxina atoparemos a liña coa que sentirnos identificad@s.



- **Cartas desde a terra-Mark Twain-FactoríaK:** Satán é castigado por Deus, por retranqueiro e deslinguado, a pasar un tempo na Terra, dende onde mantén correspondencia cos seus amigos arcanxos. Imperdible.

- **Cando o gato mira de esguello-Xe Freire-Morgante::** Gaspar é un ser excéntrico, con apelidos de abolengo. Todos no lugar teñen algunha teoría sobre o que puido producir esa eiva que o fai rexer... daquela maneira.



- **Meu pai vaite matar-MªXosé Queizán-**



Xerais: Diana, policía xudicial, atopa na vella casa de pedra pistas que a levarán na busca dun seu tío á Patagonia, viaxe na que aventura e intriga serán o menor alicerce.



- **Pegadas nun labirinto baleiro-X.M. García-Baía:** Mestura de novela negra, fantástica, de terror, misterio. Un inspector nada recomendable debe descubrir a un asesino que xoga a ser artista cos cadavres.

- **Haberá primavera-Cunqueiro/Morán-Galaxia:** No centenario de Cunqueiro, 14 poemas interpretados por C. Morán



- **Sobremesas-Ouvirmos:** Aproveita estas festas para cociñar cos e coas peques da casa. Máis que limpar pero moito que disfrutar. Na mesma colección **Bocadillos e sandwiches**

